

recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

*Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2002.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

**ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA**

*Resolución do 9 de decembro de 2002 pola que se aproba o plan de utilización dos espazos portuarios de Baiona (Pontevedra).*

O ente público Portos de Galicia, en cumprimento do artigo 15.2º da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, redactou o plan de utilización dos espazos portuarios de Baiona (Pontevedra) en abril de 2002.

Segundo o indicado na Lei 27/1992, o citado plan de utilización dos espazos portuarios foi tramitado polo ente público Portos de Galicia. Como resultado da tramitación do expediente, o dito plan foi modificado en decembro de 2002.

En reunión do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, celebrada o día 4 de decembro de 2002, e en cumprimento do disposto no artigo 13 e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público Portos de Galicia, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, acordouse da-la súa conformidade ó plan de utilización dos espazos portuarios de Baiona e elevalo e propolo para a súa aprobación.

Visto o expediente e o informe-proposta dos técnicos da Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia, así como o acordo do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia dando a conformidade ó plan de utilización dos espazos portuarios de Baiona e acordando elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

O presidente de Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, conferida por Orde do 21 de novembro de 2002,

**RESOLVE:**

Aproba-lo plan de utilización dos espazos portuarios de Baiona (Pontevedra) redactado en decem-

bro de 2002 pola Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2002.

Emilio García Gallego  
Presidente do Consello de Administración  
do ente público Portos de Galicia

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**

**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,  
RELACIONES INSTITUCIONAIS  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Orde do 10 de decembro de 2002 pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes das escalas de estatística da Xunta de Galicia.*

Segundo establece o artigo 27 da Lei 4/1988, da Función Pública de Galicia, o concurso constitúe o sistema normal de provisión de postos de traballo vacantes na Administración.

Esta consellería, de conformidade co establecido na citada lei, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e demais normas concordantes, acorda convoca-lo presente concurso de méritos para a provisión dos postos de traballo vacantes e dotados orzamentariamente que se relacionan no anexo I da presente orde, de conformidade coas seguintes bases:

**I. Requisitos de participación.**

I.1. Só poderán participar no presente concurso os funcionarios/as das escalas superior e técnica de estatística da Xunta de Galicia que reúnan os requisitos esixidos para desempeñalos postos ós que se opta conforme o especificado en cada caso no anexo I da presente convocatoria, salvo aqueles que leven menos de dous anos desempeñando un posto definitivo obtido por concurso, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Os funcionarios que accederan a un corpo por promoción interna e permaneceran no posto de traballo que desempeñaban, computaráselles o tempo de servizos prestados no dito posto no corpo de procedencia, para os efectos do disposto no parágrafo anterior.

I.2. Están obrigados a participar no presente concurso os funcionarios/as da Administración da Xunta de Galicia que estean en situación de adscrición provisional nela e reúnan os requisitos esixibles na presente convocatoria e anexos correspondentes, debendo solicitar tódolos postos de traballo ós que poidan acceder, todo iso de conformidade co establecido no artigo 58 da Lei 4/1988, do 26 de maio, modificado pola Lei 3/1995, do 10 de abril.

I.3. Poderán solicitarse por orde de preferencia as vacantes que se inclúen no anexo I desta orde, sempre que se reúnan as condicións esixidas neste.